

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes

BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025 (PROCEDEMENTO SIA 215828)

Realizar actividades de dinamización lingüística resulta crucial para favorecer o coñecemento, a posta en valor e o uso da lingua galega por parte da cidadanía en todos os ámbitos. Para iso, cómpre implicar a todos os sectores sociais e, principalmente, o tecido asociativo, que está máis preto da cidadanía, co obxectivo de incrementar a presenza do galego en todos os contextos e desmontar os prexuízos a través dunha boa información, e difundir argumentos que acaben con opinións belixerantes e demagóxicas sobre o galego que aínda permanecen en certos ámbitos.

A Deputación de Pontevedra, e concretamente o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, ten no seu ámbito legal de atribucións a finalidade de promover a coordinación en materia de dinamización e normalización lingüística.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra, con esta liña de subvencións, activa desde o ano 2017, pretende favorecer unha dinámica de actuación no tecido asociativo provincial encamiñada a poñer en marcha iniciativas dirixidas a aumentar o uso e a dinamización do galego mediante accións ou actividades (sensibilización lingüística, formación e outras) para atender a demanda que ano tras ano mantén o tecido asociativo da nosa provincia en favor da promoción e defensa da nosa lingua, tal como se aprecia no incremento constante de entidades solicitantes.



Desde o punto de vista competencial, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa Constitución española, establécese que “a lingua propia de Galicia é o galego” e tamén que “os poderes públicos de Galicia garantirán (...) o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.”

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.” No seu artigo 4.1 establécese tamén que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” Así mesmo, no seu artigo 25 figura que “o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o seu uso no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e nas actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Segunda. Finalidade

A Deputación de Pontevedra, a través da convocatoria desta liña de axudas, pretende continuar coa liña de colaboración coas entidades sen fins de lucro da nosa provincia para realizar actividades de dinamización da lingua galega que contribúan á promoción do seu uso, á mellora do seu prestixio e á súa dinamización social.

Terceira. Réxime xurídico aplicable

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.



Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teñan coñecemento da súa existencia e sempre antes de xustificar os fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación, deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Cuarta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 25/334.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 75 % do seu orzamento nin superar o importe de catro mil (4.000,00) euros.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela, e que as súas actividades se realizarán no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando versen sobre temas de interese para a provincia.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS.
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades culturais concedidas no exercicio anterior.

Sexta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables os proxectos presentados para as accións sinaladas a continuación que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025:

- a. Fomento do uso e prestixio da lingua galega a través de programas de



normalización e dinamización lingüística:

- Certames literarios e xornalísticos que promovan a creación en lingua galega nos rangos de idade onde o galego ten menos uso e prestixio.
- Actividades de creación que permitan asociar a lingua galega a valores positivos: modernidade, lecer, novas tecnoloxías ou videoxogos.
- Proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos *podcasts*, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade.
- Xornadas e eventos que promovan a creación en lingua galega.

b. Sociolingüística e toponimia:

- Estudos e publicacións sobre sociolingüística.
- Xornadas e publicacións de recuperación da toponimia.

c. Fomento do emprego do galego no comercio e na industria.

d. Campañas para a dinamización, o uso e o prestixio da lingua galega no ámbito comercial e socioeconómico.

e. Recoñecementos e distincións:

- Accións que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que transmitan valores positivos asociados á lingua galega a través do seu uso e defensa.

f. Fomento do emprego do idioma galego:

- Actividades de captación de neofalantes.
- Actividades de dinamización e normalización da lingua galega que fomenten o seu emprego activo, a socialización en galego e que o asocien con valores positivos (modernidade, prestixio, lecer, diversión...), especialmente dirixidas á infancia e á mocidade.



Os proxectos obxecto de subvención poderán consistir nunha actividade, nun programa concreto, en actividades dun programa concreto ou cun mesmo fío condutor, e estarán asinados pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades realizadas ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade ou un programa concreto, do que se terá que indicar o lugar e as datas de realización.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- a. Infraestruturas e espazos para o programa ou evento:
 - 1. Gastos polo alugueiro de auditorios e/ou salas.
 - 2. Gastos polo alugueiro de proxección, son e/ou iluminación.
- b. Contratación de servizos técnicos e profesionais:
 - 1. Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos mencionados equipos.
 - 2. Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do evento.
- c. Edición de publicacións:
 - 1. Gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do evento.
- d. Comunicación e prensa:
 - 1. Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.
 - 2. Gastos de materiais para os medios de comunicación.
- e. Publicidade e difusión:
 - 1. Gastos de campañas publicitarias.
 - 2. Gastos de carteis e material promocional.



f. Grupos, artistas e compañías:

1. Cachés dos grupos, artistas e compañías.
2. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe (en clase turista, económica ou similar).
3. Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España (en clase turista, económica ou similar).
4. Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidados.

g. Outros gastos non recollidos nos apartados anteriores e relacionados directamente co proxecto.

Sétima. Actividades non subvencionables

Exclúense desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas e xornadas gastronómicas e as festas populares.
- Os gastos de alimentos e bebidas, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.
- As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais.
- As actividades lúdicas, de lecer e de carácter deportivo.
- As actividades de anpas, asociacións baixo a titularidade e/ou xestión en centros educativos, as federacións e os clubs deportivos.
- Aquelas accións que se leven a cabo en distintos concellos e das que estes



presenten proxectos con actividades e orzamentos similares nas súas memorias.

- Calquera actividade que xere ingresos pola venda do produto obxecto da subvención no resultado do seu orzamento.
- As gravacións de discos e material sonoro, agás aqueles proxectos enfocados exclusivamente no fomento do uso do idioma galego.
- As actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).
- Os festivais musicais, en calquera das súas manifestacións, as mostras de teatro, os cantos de taberna, os encontros e certames culturais.
- Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada.
- Os proxectos de creación artística nos ámbitos audiovisual, musical, dos *podcasts*, dos videoxogos e da banda deseñada, especialmente dirixidos á infancia e á mocidade, e as actividades nas que as súas publicacións e edicións non se fagan integramente en galego, conforme á norma oficial.
- As publicacións e edicións que non utilicen o galego conforme á norma oficial.
- As publicacións e edicións de libros e revistas culturais de temática variada, por ter cabida noutras convocatorias doutros servizos da institución provincial.
- Os almanques e as axendas anuais.

Oitava. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.



Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Décima. Comprobación dos datos

Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade.
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.
- c. Certificado de estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.

En caso de que as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



Décimo primeira. Documentación

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa profusamente detallada, asinada pola persoa representante, redactada en galego, da actividade obxecto da subvención, na que se indique de forma clara e veraz o expresado no seguinte punto, seguindo a orde dos criterios establecidos na base décimo cuarta da convocatoria, para que estes poidan ser valorados pola Comisión de Valoración.
- A memoria deberá conter, nesta orde, os seguintes datos:
 - Nome do proxecto.
 - Lugar e data de realización.
 - Número e descrición das actividades e accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable.
 - Obxectivos e metodoloxía.
 - Persoas beneficiarias e ámbitos prioritarios ou estratéxicos para a normalización lingüística aos que se dirixe: socioeconómico, educativo, familia, mocidade ou lecer.
 - Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística.
 - Programas en rede ou en colaboración con outras entidades.
 - Número de edicións do programa.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos



achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de modo presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.



Décimo terceira. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva e para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

Puntos que se distribúen: 200 puntos

1. Calidade e contido técnico da proposta (ata 40 puntos)
 - 1.1. Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades (ata 20 puntos)



1.2. Metodoloxía e calendario previstos (ata 10 puntos)

1.3. Carácter innovador do proxecto (ata 10 puntos)

2. Orzamento total da actividade (ata 75 puntos):

≤500	3 puntos		>500 ≤800	4 puntos
>800 ≤1.200	5 puntos		>1.200 ≤1.5000	6 puntos
>1.500 ≤1.800	7 puntos		>1.800 ≤2.000	8 puntos
>2.000 ≤2.500	10 puntos		>2.500 ≤3.000	12 puntos
>3.000 ≤3.500	15 puntos		>3.500 ≤4.000	20 puntos
>4.000 ≤4.500	25 puntos		>4.500 ≤5.000	30 puntos
>5.000 ≤6.000	35 puntos		>6.000 ≤7.000	40 puntos
>7.000 ≤8.000	50 puntos		>8.000 ≤10.000	60 puntos
>10.000 ≤12.500	70 puntos		>12.500	75 puntos

3. Porcentaxe solicitada de financiamento (ata 25 puntos):

≤25 %	25 puntos		>25 % ≤35 %	20 puntos
>35 % ≤45 %	15 puntos		>45 % ≤55 %	10 puntos
>55 % ≤65 %	5 puntos		>65 % ≤75 %	3 puntos

4. Experiencia, traxectoria e especialización da entidade no desenvolvemento de actividades en prol da normalización lingüística (ata 40 puntos).

4.1. Actividades formativas e divulgativas realizadas anteriormente pola asociación en materia de dinamización e normalización lingüística (ata 25 puntos).

4.2. Programas que se desenvolven en rede ou en colaboración con outras entidades (outras entidades culturais, centros educativos, asociacións): 15 puntos.



5. Grao de consolidación e sensibilización lingüística da actividade ou programa (ata 20 puntos):

a. Número de edicións do programa (1 punto por edición ou ano): ata 10 puntos.

Acreditarase coa presentación do cartel da última edición e, na súa ausencia, considerarase que é a primeira edición do programa.

b. Número de accións a favor da lingua dentro do programa subvencionable (1 punto por acción): ata 10 puntos.

As accións implican un número múltiple e determinado de actividades; é dicir, as actividades son as tarefas programadas para cumprir coa acción establecida.

A Deputación poderá requirirlles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente e tamén dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados por parte das entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban doutras administracións para o mesmo fin, sempre que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo da actividade ou do investimento que leve a cabo a entidade beneficiaria.

Décimo quinta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta e se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no



artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do devandito informe-proposta sobre as solicitudes de subvención recibidas. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidente: o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e un do persoal técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaria ou secretario: unha ou un funcionario do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, que actuará sen voto.

A Comisión de Valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
- Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarase no BOPPO, conforme ao artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte, e o prazo máximo para resolver o procedemento será de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación



de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificárllelo ás persoas potencialmente beneficiarias lexitímaas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, a entidade interesada poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, e tras unha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen os dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo dunha proposta previa da Comisión de Valoración, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo dun informe do Servizo de Normalización



Lingüística e Servizos Lingüísticos, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias da subvención terán as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
- b) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, logo de presentar a solicitude da convocatoria correspondente.
- c) Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.
- d) Incluír os logos da Deputación de Pontevedra en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.
- e) Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra.
- f) Velar polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como da de prevención de riscos laborais. A Deputación quedará exenta de toda responsabilidade das contratacións levadas a cabo ao abeiro deste programa de subvencións.
- g) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.



Décimo oitava. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 28 de febreiro de 2026.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, coa desviación máxima recollida no punto d) desta base décimo oitava e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os referidos a alimentos e bebidas.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- a. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada e os resultados obtidos.
- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada unha delas deberá figurar o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.

Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade nin as facturas con data posterior á finalización do prazo de xustificación.

- c. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8.2.c das Bases de execución do vixente Orzamento provincial.



- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. Establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non superará o 20 %).
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f. As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.
- g. Acreditar a debida difusión, polo menos en lingua galega, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos.
- h. Declaración de que non se recibiron outros ingresos ou outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación.



Décimo novena. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Vixésima. Incumprimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo oitava sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, desde o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos requiriráselle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

Non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do procedemento da perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo primeira. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Se se obteñen falseando as condicións requiridas.
- Se non se aplican aos fins para os que foron concedidas.
- Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto



de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións.

Vixésimo segunda. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2025 e cumprindo o estipulado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.



Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo quinta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no RLXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

